



# DE PUNTA NARIGA A SANTA MARIÑA

Adela Leiro, Mon Daporta  
xaneiro 2020



Distancia: 6 km  
Dificultade: baixa



Unha camiñada duns 6 km para percorrer un espazo de paisaxe diversa polo litoral dos concellos de Malpica e Ponteceso, dentro do espazo protexido como LIC/ZEC e ZEPA "Costa da Morte". Unha costa de enorme interese paisaxístico, xeolóxico e biolóxico, na súa maior parte rochosa (con pequenos areais) e exposta á ondada do atlántico.



Faro da Punta Nariga, construído en 1998, deseño de César Portela

## PERCORRIDO

Sáímos do faro de **Punta Nariga** para baixar ao pé do **coído dos Xunquiños Gordos**, ver bater o mar nas **Caniceiras**, subir, e pasar por enriba, a **punta das Penas do Rubio**, baixar logo, case de súpeto, ao **Cheiroso**, e continuar despois un carreiro case chan, que vai case todo o traxecto moi preto da vertical na que baten as ondas, ata o **seo do Lago** onde se atopa a linde dos concellos de Malpica e Ponteceso. O seo do Lago é un abrigo que se forma detrás das **Ínsuas do Lago**, que se prolongan mar adentro polas **Galiñeiras**, no que se conservan restos das instalacións dun portiño, e ten unha furna na parede do cantil, diante del aparece a **Punta Queimada** con praia minúscula e portiño recollido na mesma, o límite norte da enseada de Niñóns, e ao pasala o abrigo, con praia e coído, da **Area da Prata**. De aí en diante un camiño doado por enriba dun tramo rochoso, con cantís de arredor de dez metros de altura, cun só accidente destacable, o **Cazalás** ao pé do que hai unha furna, ata chegar á primeira baixada á **praia de Niñóns**, que se atopa á dereita do camiño ao pé dun peche, na que atoparemos as agradables sorpresas dunha formación rochosa con dous arcos e ao seu pé unha furna, fonda e non é a única sorpresa que nos agarda pois na propia praia se a marea está baixa podemos apreciar varios frentes de area o primeiro diante do mar aberto, un segundo á altura do illote que separa as praias de Niñóns e do **Morro**, e un terceiro que pecha a saída ao mar dos regos que desembocan nela, e retén a auga que traen formando unha lagoa pouco fonda. Pasadas as praias de Niñóns e o Morro subimos á **punta do Niño de Corvo** detrás da que se forma un seo que acolle a **praia do Niño de Corvo** e a **praia, illote e porto de Santa Mariña** ao abrigo da punta do mesmo nome e límite sur da enseada de Niñóns onde rematamos.

No límite entre os concellos non está moi claro o carreiro pero pódese pasar sen moitos atrancos preto da beira.



Punta Nariga.




Xunquiños Gordos.



Pedras das Caniceiras



O Cheiroso e a  
Punta do Rubio





O Cheiroso



Punta Angueiro.



O Lago




Puntas Angueiro, do Rubio e Nariga desde Santa Mariña




O Lago. Ínsuas do Lago.




Punta Queimada



Area da Prata.



Enseada de Niñóns



Praias de Niñóns e O Morro



Praia de Niñóns



Praia do Morro



Punta e praia do Niño do Corvo



Punta de Santa Mariña